

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de novembro de 2020**

Ás 17.00 horas do día 18 de novembro de 2020, reúnese a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339593> remitido coa convocatoria), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Rosendo Luís Fernández Fernández

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de outubro de 2020.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 21 de outubro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO DE 2020.-

O presidente da comisión expón o contido da proposta.

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, entende que é un tema que se tería que consensuar na xunta de portavoces, como se fixo noutras ocasións.

O Sr. secretario aclara que como se trata de modificar un acordo adoptado polo Pleno, é necesario que o propio Pleno adopte o acordo, razón pola que se trae á comisión informativa e tamén se trasladará á xunta de portavoces da próxima semana.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular, do deputado non adscrito e DO, e a abstención do Grupo Socialista e do BNG, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de decembro (xa que o día 25 de decembro é o día do Nadal), que se realizará o día 18 de decembro de 2020.

2º.- Como consecuencia do anterior, as comisións informativas terán lugar os días 9 (mércores) e 10 (xoves) de decembro de 2020, coa mesma orde que todos os meses.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A APROBACIÓN INMEDIATA DE AXUDAS DIRECTAS PARA A HOSTALERÍA DE OURENSE.-

D.ª Rosario Rodríguez Delgado, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta que reserva o voto para o Pleno, indicando que en termos xerais está de acordo coa moción, se ben entende que debería ser máis global, isto é, abarcar máis sectores que a hostalería, como poden ser o sector cultural ou o dos ximnasiais, e deberían solicitar tamén liñas de axuda directa do resto de administracións, particularmente do Estado.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, manifesta igualmente a súa reserva de voto, estando de acordo en que se debería referir a varios sectores e non só ao da hostalería. Di que lle xera moitas dúbidas a parte que pide habilitar un suplemento de crédito por parte da Deputación, xa que entende que a día de hoxe isto non sería posible.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista e a abstención do Grupo Popular, do BNG, de DO e do deputado non adscrito, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a aprobar un programa de rescate integral para a hostalería da comunidade autónoma que inclúa todas as demandas expresadas polas asociacións profesionais deste sector.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a aprobar medidas específicas para compensar aos afectados e afectadas da hostalería da provincia de Ourense que sufriron as restricións na súa actividade impostas polo goberno galego, un mes antes que o resto da comunidade.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a suplementar un 20% o importe das axudas da Xunta de Galicia para a hostalería, co fin de compensar aos afectados e afectadas da nosa provincia que sufriron restricións nas súas actividades un mes antes que o resto da comunidade.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pide acceder ao expediente da obra da estrada provincial OU-05091 no Concello de Esgos, no acceso ao entorno do mosteiro de San Pedro de Rocas, xa que están saíndo varias noticias en prensa dunha tala de árbores importante nesa zona por parte da Deputación.

O **presidente da comisión** indica que se lle dará traslado á sección de Transparencia para que facilite o acceso.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

